

Confraría de Pescadores San Telmo de Porto do Son
Lg. Muelle, s/n
15970 Porto do Son – A Coruña

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE CONCEDE UNHA AXUDA AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO AO PROXECTO “PROXECTO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DOS FONDOS HISTÓRICOS” (GALP4-091) PRESENTADO POLA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PORTO DO SON, CON NIF G15034945

Vista a proposta de resolución definitiva efectuada polo GALP Seo de Fisterra Ría de Muros – Noia. Costa Sostible para a adxudicación de axudas da convocatoria do ano 2020, das axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do FEMP, e ao abeiro da seguinte normativa de aplicación:

- Directiva 2008/99/CE, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito Penal.
- Regulamento (CE) nº 1005/2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e no regulamentada.
- Regulamento (CE) nº1224/2009 polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común.
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº1083/2006, do Consello.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.
- Regulamento (UE) nº508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº2328/2003, (CE), nº 861/2006, (CE), nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.



- Programa Operativo para España do FEMP, aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.12.2019 C (2019) 8906 final .
- Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao presuposto xeral da Unión e polo que se derroga, entre outros, o Regulamento (CE, Euratom) 966/2012.
- Criterios de selección para a concesión de axudas no marco do Programa Operativo do FEMP aprobados polo Comité de Seguimento.
- Circular pola que se fixa o contido do documento que establece as condicións das axudas (DECA) ao que se fai referencia no artigo 125.3.c) do Regulamento (UE) nº1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.
- Lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado, modificada pola Lei 33/2014 cuxo Título V regula o réxime de infraccións e sancións no sector pesqueiro.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con especial e explícita referencia ao fraude do artigo 20.4.a., e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Convenios de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.
- Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.



A conselleira do Mar, RESOLVE conceder unha subvención en efectivo (equivalente bruto de subvención) ao seguinte proxecto, cos requisitos e nas condicións que a seguir se sinalan a cuxo cumprimento se compromete o beneficiario coa aceptación da axuda.

I. Requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos:

Denominación do proxecto	Proxecto para a recuperación e posta en valor dos fondos históricos	Código	GALP4-091
Identificación	Programa Operativo Español FEMP 2014ES14MFOP001		
	Prioridade: 4		
	Obxectivo específico: 4.a) e b) <i>“O fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima”.</i>		
	Medida: 4.1.2 Convocatoria da axuda 2020 ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018		
Organismo Intermedio de Xestión	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro		
Beneficiario	Confraría de Pescadores San Telmo de Porto do Son	NIF	G15034945
Obxecto	Artigo 63.1 do Regulamento 508/2014: <i>d) fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo;</i>		
Ubicación da operación	Porto do Son – A Coruña		
I.T.I. Atlántica (SI/NON)	SI		
Axuda de Estado (SI/NON)	NON		

II. Plan financeiro:

Importe total da operación	89.233,92 €		
Importe total subvencionable/ Porcentaxe de cofinanciamento	Importe subvencionable	% da Subvención	
	73.747,04 €	82,00%	
Importe privado	13.274,47 €		
Importe da subvención concedida (Público)	TOTAL	85% FEMP	15% Nacional
	60.472,57 €	51.401,68 €	9.070,89 €
Proxecto de cooperación (SI/NON)	NON		



III. Prazo de execución:

Proxecto plurianual (SI/NON)	SI	Anualidades: 2020 e 2021
Inicio		12/03/2020
Prazo de execución e xustificación. Ano 2020		31/12/2020
Prazo de execución e xustificación. Ano 2021		31/10/2021
Outros prazos de interese:		

IV. Conceptos subvencionables:

Anualidade 2020:

Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Proxecto para a recuperación e posta en valor dos fondos documentais históricos da Confraría de Pescadores de Porto do Son				
Dixitalización, organización e catalogación dos fondos	39.759,44	S	32.602,74	
IVE	8.349,48	N		Segundo o establecido no artigo 12.a) de Orde do 21 de decembro do 2018 das bases reguladoras destas axudas
TOTAL	48.108,92	39.759,44	32.602,74	

Anualidade 2021:

Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Proxecto para a recuperación e posta en valor dos fondos documentais históricos da Confraría de Pescadores de Porto do Son				
Dixitalización, organización e catalogación dos fondos	20.000,00	S	16.400,00	
Creación do repositorio dixital	10.847,11	S	8.894,63	
Promoción e difusión do proxecto	3.140,49	S	2.575,20	
IVE	7.137,40	N		Segundo o establecido no artigo 12.a) de Orde do 21 de decembro do 2018 das bases reguladoras destas axudas
TOTAL	41.125,00	33.987,60	27.869,83	

*S: si, SM: si con minoración, N: non

**IVE: GASTO NON SUBVENCIONABLE



V. Condicións xerais:

O beneficiario da axuda, acepta e comprométese a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.
2. Xustificar ante o GALP o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención, conforme o establecido nesta orde.
3. Aportar e actualizar a información relativa ao proxecto solicitada pola Consellería do Mar.
4. Manter os investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos durante un período mínimo de 5 anos desde o último pagamento efectuado pola Consellería do Mar, ou de 3 anos no caso de mantemento de investimentos ou postos de traballo creados por pemes.

De acordo co artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, se unha operación comprende inversións en infraestruturas ou inversións produtivas reembolsarase *prorrata temporis* a axuda se nos 5 anos seguintes ao pago ao beneficiario, ou 3 anos no caso de mantementos de inversión ou de postos de traballos creados por pemes, se produce o cese ou relocalización da actividade produtiva fóra da zona do programa ou un cambio na propiedade que proporcione unha vantaxe indebida ou un cambio substancial que afecte á natureza, obxectivos ou condicións de execución da operación.

No caso de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables inscrites nun rexistro público, farase constar a afectación destes á axuda no rexistro público correspondente no prazo de 5 ou 3 anos segundo corresponda. Neste caso, deberá achegarse, coa última solicitude de pagamento, a documentación acreditativa da presentación da solicitude de inscrición da afectación do ben á subvención no rexistro correspondente. Unha vez recibido o último pagamento da axuda, presentará a certificación da inscrición rexistral da afectación do ben á subvención no prazo máximo de tres meses.

5. Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non superar os límites establecidos para a subcontratación no mesmo artigo.
6. Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente ou o GALP, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o



que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores; así como colaborar coas distintas autoridades implicadas na xestión e seguimento do FEMP.

7. Comunicarlle ao órgano concedente e ao GALP a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8. Comunicarlle á Consellería do Mar e ao GALP calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.

Comunicarlle a estes mesmos órganos o cambio de provedor por causas sobrevidas expoñendo razoadamente as causas e consecuencias.

9. Acreditar, perante o GALP, na solicitude de pagamento, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma (só naqueles supostos nos que se opuxera expresamente á consulta deses datos no procedemento de tramitación da axuda).

10. Manter un sistema de contabilidade separado, ou ben asignar un código contable adecuado que permita coñecer todas as transaccións relacionadas coa operación que se subvenciona, co obxecto de facilitar a pista de auditoría, de acordo co artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así como, dispor dos rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

Esta obriga afecta a calquera tipo de beneficiario, incluídos aqueles quen non teñan a obriga mercantil ou fiscal de levar un sistema de contabilidade separado (autónomos).

11. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un prazo de dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación ante a Comisión das contas nas que estean incluídos os gastos da operación, para o cal se informará ao beneficiario da data de inicio do período mencionado.

Os documentos conservaranse ou ben en forma de orixinais ou de copias compulsadas de orixinais, ou ben en soporte de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica.

12. Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado onde figurará o emblema da Unión con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), nos termos establecidos no artigo 115 e anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e do capítulo II do Regulamento (UE) nº 821/2014. De acordo co indicado no Regulamento de Execución (UE) 763/2014 da Comisión.



O beneficiario debe recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos, adoptando en todas as medidas de información e comunicación:

- a) O emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas establecidas no Regulamento de Execución (UE) n.º 821/2014.
- b) Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.
- c) O logotipo da Consellería do Mar.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:

- a) Facendo una breve descrición da operación no sitio de Internet, no caso que dispoña dun, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, incluíndo os obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. A descrición deberá permanecer durante a execución do proxecto e, cando menos, ata a data do pagamento final da axuda
- b) Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no que se mencionará o apoio financeiro da UE, nun lugar facilmente visible para o público, como a entrada dun edificio.
- c) O beneficiario colocará unha placa permanente ou cartel de tamaño significativo, en lugar ben visible para o público, no prazo de 3 meses despois da finalización dun proxecto que reúna as seguintes características:
 - i. Que o financiamento público total para o proxecto sexa superior a 500.000 €.
 - ii. Que o proxecto consista na compra dun obxecto físico ou no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

A placa ou cartel permanente deberá indicar o nome do proxecto, o seu obxectivo principal, o emblema e unha referencia á UE e a referencia ao FEMP, que ocuparán cando menos o 25% do cartel. Tamén se incluírá unha referencia ao logotipo da Consellería do Mar. Se o investimento consiste na adquisición de maquinaria ou elementos móbiles a publicidade levarase a cabo mediante a colocación dun adhesivo perdurable. No caso de estudos, publicacións e outros materiais gráficos, a publicidade levarase a cabo mediante a inclusión de logotipos e do lema descritos na portada.

13. No caso de proxectos conxuntos, os beneficiarios deberán ratificar ante a Consellería do Mar o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda e non disolver a agrupación ata que transcorran os prazos previstos nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007.



14. Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 10.1 a) e d) e 2. do Regulamento (UE) nº 508/2014, durante todo período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final ao beneficiario.
15. Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
16. Adoptar as medidas adecuadas e correctoras contra o fraude, así como comunicar ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) os feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, a través do seu canle de denuncia:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

17. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
18. Achegar e actualizar a información relativa aos indicadores que sexa solicitada polo Organismo Intermedio de Xestión (OIG)
19. Calquera outra derivada do articulado da orde de bases e demais normativa de aplicación ás subvencións.

A Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Tamén se publicarán no Diario Oficial de Galicia as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Os beneficiarios da presente concesión de axuda deberán comunicar, no prazo de 10 días, a súa aceptación ou rexeitamento á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa nalgún dos sentidos indicados, entenderase tacitamente aceptada a axuda nas condicións fixadas nesta resolución, entre as que se inclúen ás do DECA, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A aceptación da axuda leva implícita a declaración responsable do beneficiario de que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións establecidas na resolución.

Así mesmo, esta aceptación da axuda supón permitir, por un lado, a inclusión da operación e os seus datos na lista de operación por Programa Operativo que a Autoridade de Xestión manterá para consulta a través da web e, por outro, a subministración de información á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS),



de conformidade co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Esta resolución incorpora o contido do documento (DECA) ao que se fai mención no artigo 125.3.c) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, garantindo, polo tanto, coa notificación da presente resolución a comunicación á persoa beneficiaria do contido no dito precepto.

Contra esta resolución poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela,

A conselleira do Mar

P.D. Orde 08.09.2017 (DOG 21-09-2017)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(Asinado dixitalmente)

